

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI08L	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 02-02-15 10:24

Número 13 .- Proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á anulación do procedemento de contratación CON/18/2014.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de xaneiro de 2015 adoptou o seguinte acordo:

13 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RELATIVA Á ANULACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN CON/18/2014.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 14 de xaneiro de 2015, do director da Área de Contratación, conformado coa mesma data polo Concelleiro Delegado de Contratación. Así mesmo, do informe favorable nº 16/2015, de 28.1.15, da técnico de Intervención, conformado polo Interventor Xeral Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: .SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO

ASUNTO: EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN Nº 950/2014 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES

I ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI08L	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 02-02-15 10:24

Con data 18 de decembro de 2014 o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales adoptou a resolución do recurso interposto pola empresa ACEINSA MOVILIDAD SA contra o acordo de adxudicación do contrato de "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico no termo municipal de Santiago" (CON/18/2014).

A resolución estima o recurso e determina a procedencia de acordar a anulación do procedemento de contratación de referencia.

II CONSIDERACIÓN:

O procedemento de contratación atópase xa na fase de adxudicación, sendo beneficiario da mesma á empresa API MOVILIDAD SA, non obstante o contrato non se perfeccionou ao non efectuarse a formalización do mesmo. A anulación do procedemento implica a adopción do correspondente acordo polo órgano de contratación e a devolución da garantía definitiva e as taxas depositadas pola empresa adxudicataria.

III PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Proponse ao órgano de contratación a anulación do procedemento de contratación CON/18/2014 correspondente á licitación do "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico no termo municipal de Santiago" e a devolución da garantía definitiva e as taxas depositadas pola empresa API MOVILIDAD SA."


Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Anular o procedemento de contratación CON/18/2014 correspondente á licitación do "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico no termo municipal de Santiago" e a devolución da garantía definitiva e as taxas depositadas pola empresa API MOVILIDAD SA.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI08L	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 02-02-15 10:24

Así mesmo, deixáanse sen efecto os compromisos de gastos plurianuais realizados con cargo á aplicación orzamentaria 060 13300 22701 con motivo da adxudicación deste servizo, o que se materializará mediante o non traspaso destes compromisos plurianuais ao exercicio 2015 (operación número 220149000180).

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



Asdo: Manuel Martínez Varela